

BANDO INFORMATIVO

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA
ALCADE DE OROSO

Informo que a Consellería de Traballo e Benestar abre o prazo para participar no programa de Benestar en balnearios 2015.

Este programa consiste en que se ofertan 600 prazas para estadias e tratamentos termais en balnearios de Galicia

REQUISITOS

1 Persoas maiores de 60 ou de 55 anos e reunir a condición de ser pensionistas do sistema da Seguridade Social polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.

2 Estar empadroados e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

3 Valerse por si mesmas para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.

4 Non padecer enfermidades infecto-contaxiosa en fase activa, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a normal convivencia.

A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu o da súa cónxuxe ou persoa de análoga relación de convivencia sempre que cumpra os requisitos anteriores agás o sinalado no núm. 1.

CARÁCTERÍSTICAS

A estadia no balneario será en quendas de 10 días en réxime de pensión completa, durante o período comprendido entre o mes de xuño e o decembro de 2015.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 14 de maio do 2015

LUGAR DE INFORMACIÓN Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello. Rúa do Deporte, baixo, Sigüeiro, Oroso. Tfno.: 981 688 950

HORARIO: Luns, martes, mércores e venres de 9:30 a 13:30

MÁIS INFORMACIÓN: no *Diario Oficial de Galicia* núm. 77 do venres 24 de abril do 2015

Oroso, 24 de abril do 2015

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

